

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DA XXVIII EDICIÓ DO CURSO SUPERIOR DE RELACIÓNS LABORAIS, QUE INTEGRA OS DENOMINADOS CURSO DE POSGRAO DE ESPECIALIZACIÓN EN RELACIÓNS LABORAIS (CÓDIGO EH38) E CURSO DE EXPERTO EN RELACIÓNS LABORAIS (CÓDIGO FH82)

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2018.

REUNIDOS

Dunha banda, dona Verónica Martínez Barbero, Presidenta do Consello Galego de Relacións Laborais, nomeada polo presidente da Xunta de Galicia, segundo Decreto 54/2017, do 8 de xuño de 2017 (DOG núm. 109, de data 9 de xuño de 2017), que actúa en nome e representación do citado organismo, en virtude das facultades que lle confire a Lei 5/2008, do 23 de maio, reguladora do Consello Galego de Relacións Laborais (DOG nº 112 do 11 de xuño de 2008).

E doutra banda, don Juan Manuel Viaño Rey, Sr. Reitor da Universidade de Santiago de Compostela (USC), nomeado segundo Decreto 62/2014, do 28 de maio de 2014 (DOG núm. 105, do 4 de xuño de 2014), actuando en nome e representación desta, en virtude das facultades que lle confiren os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela aprobados polo Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro (DOG nº 29 do 12 de febreiro de 2014).

Ambas partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos e recoñécense reciprocamente capacidade xurídica de contratar e de obrigarse nos termos do presente convenio.

EXPOÑEN

Primeiro.- Que desde 1990 ambas institucións asinaron sucesivos convenios de colaboración para a execución das anteriores edicións do Curso Superior de Relacións Laborais, a última delas con data 10 de xaneiro de 2017.

Segundo.- Que consideran necesario continuar coa colaboración que o referido convenio supón, por non ter variado as circunstancias que deron lugar a este.

Terceiro.- Que o Consello de Relacións Laborais acordou, en xuntanza da Comisión Permanente de data 8 de xuño de 2017, a realización dunha nova edición do Curso Superior de Relacións Laborais, co obxecto de afondar e promover as actividades docentes directamente relacionadas co mundo laboral e a formación e a especialización de profesionais nesta materia, e para isto solicitar á USC a súa colaboración para o referido Curso.

Cuarto.- Que de conformidade co establecido nos artigos 19.4.a) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 37 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento, resólvese a concesión directa á Universidade de Santiago de Compostela da subvención nominativa regulada neste convenio, posto que a referida Universidade é a única institución capacitada para o desenvolvemento deste Curso superior de Relacións Laborais que se quere realizar, que integra os títulos de especialización e experto en relacións laborais, por ser ambos títulos propios de posgrao e formación continua, respectivamente, que unicamente oferta, no ámbito académico da Comunidade Autónoma de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela, o que dificulta a aplicación dos principios de publicidade e concorrência pública.

Quinto.- Que a Universidade de Santiago de Compostela deberá presentar, con anterioridade á sinatura do convenio, unha declaración do conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración pública ou doutros entes públicos ou privados; e de que non incorre en ningunha das circunstancias contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para poder obter a condición de beneficiaria de axudas ou subvencións.

Sexto.- Que ao existir unha plena coincidencia entre as partes asinantes nos obxectivos perseguidos, así como a vontade de unir esforzos e colaborar nos seus respectivos ámbitos de actuación, acordan asinar un novo convenio, e facelo con base nas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre o Consello Galego de Relacións Laborais e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización da XXVIII edición do CURSO SUPERIOR DE RELACIÓNS LABORAIS, conforme ao Regulamento dos Estudos Propios de Posgrao e de Formación Continua aprobado polo Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela o 4 de febreiro de 2015, e que se desenvolverá entre os meses de xaneiro e xullo do ano 2018 na Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela.

Segunda.- Os obxectivos que se pretenden cubrir co desenvolvemento do curso de posgrao, son os seguintes:

Proporcionar unha formación e/ou actualización nas materias laborais en xeral.

Facilitar a capacitación do alumnado para resolver as cuestións asociadas ás relacións laborais e á xestión de recursos humanos.

Fornecer ao alumnado dun dominio interdisciplinar da materia a través da adaptación dos contidos didácticos ao novo marco legal e convencional polo que discorren as relacións laborais e de seguridade social.

Afondar nas consecuencias prácticas dos procesos de reforma que afectan ao mercado de traballo, á negociación colectiva, á representación do persoal traballador na empresa, á seguridade social, á seguridade e saúde laboral, así como ao dereito social da Unión Europea.

Terceira.- Posto que o fin último é a formación de profesionais en todas as materias relacionadas co mundo do traballo, as persoas destinatarias do curso de Especialización serán as que posúan a titulación universitaria de Grao ou Licenciatura en Dereito, Relacións Laborais e Recursos Humanos, Ciencias do Traballo, Ciencias Económicas e Empresariais e Administración e Dirección de Empresas ou Diplomatura en Relacións Laborais. Tamén poden acceder ao curso as persoas con responsabilidade en recursos humanos, xefaturas de relacións laborais, asesoría e cadros das organizacións empresariais e sindicais e outras persoas tituladas nas que conorra unha especial vinculación co ámbito obxecto do Curso. En calquera caso, todo o alumnado deberá cumprir cos requisitos legais de acceso á universidade.

Poderán acceder ao curso de Experto en Relacións Laborais as persoas con responsabilidade en recursos humanos, xefaturas de relacións laborais, asesoría e cadros das organizacións empresariais e sindicais e outras persoas sen titulación universitaria nas que conorra unha especial vinculación co ámbito obxecto do Curso.

Os módulos que se impartirán durante a realización do curso son os que se relacionan no **Anexo** a este convenio.

O curso obxecto do convenio regularase segundo o establecido no Regulamento de Estudos Propios de Posgrao e Formación continua.

O Curso terá lugar do 12 de xaneiro ao 6 de xullo de 2018.

Para un óptimo aproveitamento do curso establécese un límite máximo de **75 participantes**. Para esta edición, o Consello Galego de Relacións Laborais

financiará un máximo de 20 prazas de acordo cos criterios obxectivos de reparto que decidan as organizacións empresarial e sindicais que integran este Organismo.

Establécese como dereito de matrícula para o CURSO SUPERIOR DE RELACIÓNS LABORAIS a cantidade de **mil trescentos euros** (1.300,00 €) por alumno/a, que serán aboados á Universidade de Santiago de Compostela.

O pagamento dos dereitos de matrícula, por importe de 26.000,00€, correspondentes ás 20 prazas financiadas polo Consello Galego de Relacións Laborais será satisfeito por este organismo e aboadado á USC unha vez formalizado este convenio e á marxe da subvención nominativa nel regulada.

A anterior cantidade de 1.300,00€ non cobre os prezos públicos por expedición de títulos, que deberá aboarse por cada unha das persoas matriculadas. Tampouco inclúe esta cantidade o importe do seguro escolar obrigatorio correspondente ás vinte prazas financiadas polo Consello Galego de Relacións Laborais, que se aboarán por este organismo á USC unha vez formalizadas as matrículas.

As persoas participantes no Curso que demostren aproveitamento deste e unha asistencia superior ao 80% das unidades docentes impartidas, outorgaráselles un título propio acreditativo, conforme ás normas establecidas a tal efecto pola Universidade.

Cuarta.- Encoméndase a dirección do CURSO SUPERIOR DE RELACIÓNS LABORAIS a don Javier Gárate Castro, catedrático de Dereito do Traballo na Facultade de Dereito da USC.

Quinta.- O Consello Galego de Relacións Laborais contribuirá ao financiamento deste Curso de Relacións Laborais mediante a achega de OITO MIL DOUSCENTOS EUROS (8.200,00€), con cargo ao capítulo IV do seu orzamento, aplicación orzamentaria 09.B1.324A.444.0, denominada "Subvención á USC Curso Superior de Relacións Laborais", na que está previsto crédito necesario e suficiente na Lei 8/2017, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018, segundo certificación expedida pola secretaria xeral do organismo, que se xunta a este convenio.

A antedita contribución poderase librar do seguinte xeito:

Mediante pagamentos a conta, por contía equivalente á xustificación presentada, que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, ata o 80% do financiamento aportado polo Consello Galego de Relacións Laborais. A xustificación destes pagamentos farase mediante certificación detallada acreditativa dos gastos realizados, expedida polo órgano da universidade que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención.

O importe restante librarase unha vez cumprido o establecido na cláusula sexta.

Sexta.- A Universidade de Santiago de Compostela, unha vez rematadas as actividades derivadas do curso obxecto do convenio, e, como data límite o 31 de outubro de 2018, xustificará a totalidade da contribución efectuada polo Consello Galego de Relacións Laborais, mediante certificación detallada e relación de facturas acreditativas dos gastos realizados e efectivamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido, de conformidade co disposto no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A antedita certificación será expedida polo órgano da universidade que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención.

Coa contribución efectuada polo Consello Galego de Relacións Laborais só se poderán financiar os conceptos de gasto seguintes:

Organización e dirección do curso.

Profesorado e relatores.

Atencións protocolarias.

Material didáctico.

Gastos de viaxe, manutención e aloxamento.

Bolsas para o alumnado.

- En xeral, todos aqueles gastos correntes necesarios para o desenvolvemento do curso.

No suposto de que os gastos que se xustifiquen fosen inferiores ao financiamento acordado, deducirase do pagamento final a parte non xustificada.

A Universidade de Santiago de Compostela presentará, no momento da finalización do período de xustificación, unha declaración complementaria á que se contén no expoñendo quinto deste convenio, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución para a mesma finalidade das distintas administracións públicas ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, así como unha memoria descritiva do contido das accións desenvolvidas e dos resultados acadados, na que conste, entre outras, a relación e características dos participantes, e a súa valoración sobre o curso.

O Consello Galego de Relacións Laborais resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do gasto e, en concreto, a que acredite o pagamento das facturas relacionadas xunto á certificación.

Sétima.- A Universidade de Santiago de Compostela comprométese a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da axuda concedida.

Oitava.- Do mesmo xeito, a Universidade de Santiago de Compostela deberá asumir as obrigas enumeradas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Novena.- A Universidade de Santiago de Compostela, de conformidade co establecido na disposición adicional única do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, presta o seu consentimento expreso para incluír e facer públicos os datos relevantes do convenio no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios que se regulan en dito decreto.

Décima.- Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda, e, en todo caso, a obtención concorrente doutras achegas, poderá dar lugar á súa modificación e ao reintegro das cantidades percibidas.

Procederá o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de mora, no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Undécima.- A suscripción deste convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades e o Consello Galego de Relacións Laborais, de tal xeito que non se lle pode esixir responsabilidade ningunha, directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acontecidos no desenvolvemento deste.

Duodécima.- Este convenio de colaboración terá natureza administrativa, rexéndose polo establecido nas súas cláusulas; polos preceptos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da dita lei; da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da dita lei; da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e polo establecido no capítulo VI da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Para o seguimento da súa execución e o coñecemento de calquera discrepancia que poida xurdir sobre a súa interpretación, crearase unha Comisión Mixta, integrada por unha representación designada por cada unha das partes formalizantes do convenio. No caso de que a discrepancia verse sobre cuestións que se refiran exclusivamente á subvención, se persistira, será resolta pola presidencia do Consello Galego de Relacións Laborais e a súa resolución, que porá fin á vía administrativa, poderá ser obxecto de recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo terceira.- O Consello Galego de Relacións Laborais poderá realizar actuacións de comprobación, en calquera momento, sobre a execución material das accións obxecto do convenio.

Décimo cuarta.- O incumprimento de calquera das cláusulas que regulan este convenio constituirá causa suficiente para a resolución deste.

Décimo quinta.- Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, sen prexuízo de que serán obxecto de subvención as actividades que se desenvolverán desde o 1 de xaneiro de 2018, de conformidade co establecido no artigo 2.1.b) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e estenderá a súa vixencia ata o 31 de outubro de 2018.

Lido por ambas as dúas partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no convenio, asínano e rubrícano por duplicado, no mesmo lugar e data que se indica ao comenzo.

A presidenta do Consello Galego
de Relacións Laborais,

O reitor da Universidade
de Santiago de Compostela,

Verónica Martínez Barbero

Juan Manuel Viaño Rey

ANEXO QUE SE CITA na cláusula terceira

PROGRAMA

Módulo I (10 h.)

Dereito Social da Unión Europea

Módulo II (60 h.)

Relación individual de traballo

Módulo III (30 h.)

Política e xestión integrada dos recursos humanos

Módulo IV (50 h.)

Relacións colectivas de traballo

Módulo V (25 h.)

Dereito Administrativo do Traballo. Saúde Laboral.
Dereito penal do traballo

Módulo VI (20 h.)

Seguridade Social

Outras actividades lectivas (5 h.)